

# Non hai noite tan longa

Agustín Fernández Paz

Edicións Xerais. 17.50 €

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaoito anos marchou de Monterverde, a súa vila natal, e nunca máis volvreu. Nin sequeira cando morreu o seu pai,inxustamente acusado dun delito polo que foi encarcelado, nun proceso que o levou á morte. Só trinta

e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar. O encontro coa ánima do seu pai, na desolada casa familiar, cambiarálle a vida para sempre.

